

## **SUBGRUPO C2-TEMA 2-LEI 40/2015-GALEGO**

### **TEMA 2- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público**

1. Conforme ao disposto no artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta lei establece e regula:
  - a) Os principios do sistema de responsabilidade das administracións públicas.
  - b) O réxime disciplinario dos empregados públicos.
  - c) O procedemento administrativo común.
  
2. Segundo o artigo 1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, esta lei ten por obxecto:
  - a) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración xeral do Estado e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
  - b) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración autonómica e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
  - c) Establecer e regular a organización e o funcionamento da Administración local e do seu sector público institucional para o desenvolvemento das súas actividades.
  
3. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes das administracións públicas intégranse en:
  - a) As universidades públicas.
  - b) Entidades de dereito privado.
  - c) O sector público institucional.
  
4. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, teñen a consideración de administracións públicas:
  - a) As administracións das comunidades autónomas.
  - b) As entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas.
  - c) As universidades privadas.
  
5. En relación co seu ámbito subxectivo, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece no seu artigo 2 que se lle aplica de maneira supletoria, en defecto da súa normativa específica:
  - a) A calquera organismo público e entidade de dereito público vinculado ou dependente das administracións públicas.
  - b) Ás entidades que integran a Administración local.
  - c) Ás universidades públicas.
  
6. Conforme ao disposto no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cada unha das administracións públicas actúa para o cumprimento dos seus fins con personalidade xurídica:
  - a) Propia.
  - b) As administracións públicas carecen de personalidade xurídica.
  - c) Única.



## SUBGRUPO C2-TEMA 2-LEI 40/2015-GALEGO

7. Conforme ao disposto no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de:

- a) Eficacia, xerarquía, centralización, desconcentración e coordinación.
- b) Eficacia, xerarquía, descentralización, concentración e coordinación.
- c) Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

8. Conforme ao disposto no artigo 3 da lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do Sector Público, as administracións públicas deberán respectar na súa actuación e relacións os seguintes principios:

- a) Economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais.
- b) Economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins políticos.
- c) Economía, subxectividade e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais.

9. Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ¿cal dos seguintes principios deberán respectar na súa actuación e relacións as administracións públicas?:

- a) Servizo eficiente aos cidadáns.
- b) Planificación e dirección por resultados e control da xestión e avaliación dos medios das políticas públicas.
- c) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.

10. Conforme ao disposto no artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as administracións públicas que, no exercicio das súas respectivas competencias, establezan medidas que limiten o exercicio de dereitos individuais ou colectivos ou esixan o cumprimento de requisitos para o desenvolvemento dunha actividade, deberán elixir a medida menos restritiva e aplicar o principio de:

- a) Simplicidade, claridade e proximidade.
- b) Proporcionalidade.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

11. Conforme ao disposto no artigo 5 da lei 40/2015, de 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a creación de calquera órgano administrativo esixirá o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Dotación do persoal necesario para a súa posta en marcha e funcionamento.
- b) Dotación dos créditos necesarios para a súa posta en marcha e funcionamento.
- c) Delimitación dos seus órganos superiores.

12. Conforme ao disposto no artigo 5 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, terán a consideración de órganos administrativos:

- a) As unidades administrativas ás que non se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.
- b) As unidades administrativas cuxa actuación non teña carácter preceptivo.
- c) As unidades administrativas ás que se lles atribúan funcións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros ou cuxa actuación teña carácter preceptivo.



## **SUBGRUPO C2-TEMA 2-LEI 40/2015-GALEGO**

13. Conforme ao disposto no artigo 6 de a Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, o incumprimento das instrucións ou ordes de servizo:

- a) É causa de nulidade de pleno dereito dos actos ditados polos órganos administrativos.
- b) É causa de anulabilidade dos actos ditados polos órganos administrativos.
- c) Non afecta por si só á validez dos actos ditados polos órganos administrativos.

14. Conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as instrucións e ordes de servizo publicaranse no boletín oficial que corresponda:

- a) Cando unha disposición específica así o estableza.
- b) En ningún caso serán obxecto de publicación.
- c) Serán obxecto de publicación cando se estime conveniente por razón do seu contido.

15. Conforme ao disposto no artigo 7 de a Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a Administración consultiva poderá articularse mediante órganos específicos dotados de:

- a) Dependencia orgánica e funcional con respecto á Administración activa.
- b) Autonomía orgánica e funcional con respecto á Administración activa.
- c) Dependencia orgánica con respecto á Administración activa.

16. Conforme ao disposto no artigo 7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os servizos que forman parte da Administración consultiva e que prestan asistencia xurídica:

- a) Poderán recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaborasen as disposicións ou producen os actos obxecto de consulta en situacións de urxencia.
- b) Poderán recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaborasen as disposicións ou producen os actos obxecto de consulta cando así se estableza na súa norma de creación.
- c) Non poderán recibir instrucións, directrices ou calquera clase de indicación dos órganos que elaborasen as disposicións ou producen os actos obxecto de consulta.

17. Conforme ao disposto no artigo 8 de a Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a delegación de competencias, a encomenda de xestión, a delegación de firma e a suplencia:

- a) Supoñen alteración da titularidade da competencia e dos elementos determinantes do seu exercicio que se prevén en cada caso.
- b) Non supoñen alteración da titularidade da competencia, aínda que si dos elementos determinantes do seu exercicio que en cada caso se prevén.
- c) Non supoñen alteración da titularidade da competencia, nin tampouco dos elementos determinantes do seu exercicio que en cada caso se prevén.

18. Conforme ao disposto no artigo 8 de a Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, se algunha disposición lle atribúe a competencia a unha Administración, sen especificar o órgano que debe exercela, entenderase que a facultade de instruír e resolver os expedientes corresponde a:

- a) Os órganos superiores competentes por razón da materia e do territorio.
- b) Os órganos inferiores competentes por razón da materia e do territorio.
- c) O órgano superior xerárquico desa Administración.

## **SUBGRUPO C2-TEMA 2-LEI 40/2015-GALEGO**

19. Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, as delegacións de competencias e a súa revogación deberán publicarse:

- a) En ningún caso.
- b) No *Boletín Oficial do Estado*, no da comunidade autónoma ou no da provincia, segundo a Administración a que pertenza o órgano delegante e o ámbito territorial de competencia deste.
- c) No *Boletín Oficial do Estado* en todo caso.

20. Conforme ao disposto no artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a resolución de recursos nos órganos administrativos que diten os actos obxecto de recurso:

- a) En todo caso poderá ser obxecto de delegación.
- b) En ningún caso poderá ser obxecto de delegación.
- c) Deberá ser aprobada polo superior xerárquico común.

21. Conforme ao disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes:

- a) En calquera caso.
- b) Non está prevista a avocación na lei.
- c) Cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente.

22. Conforme ao disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, contra o acordo de avocación:

- a) Non caberá recurso.
- b) Interporase recurso de reposición.
- c) Interporase recurso de alzada.

23. Segundo o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o acordo motivado mediante o cal se realice a avocación:

- a) Deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, sempre con anterioridade á resolución final que se dite.
- b) Deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, con anterioridade ou simultaneamente á resolución final que se dite.
- c) Deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, con anterioridade ou simultaneamente á proposta de resolución que se dite.

24. Conforme ao disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a encomenda de xestión non poderá ter por obxecto:

- a) A realización de actividades de carácter material.
- b) A realización de actividades de carácter técnico.
- c) Prestacións propias dos contratos regulados na lexislación de contratos do sector público.

## **SUBGRUPO C2-TEMA 2-LEI 40/2015-GALEGO**

25. Conforme ao disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o obxecto da encomenda de xestión será:

- a) A realización de actividades de carácter material ou técnico.
- b) A delegación de sinatura.
- c) Suplir temporalmente os titulares dos órganos administrativos nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade.

26. Segundo o artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nunha encomenda de xestión, a entidade ou órgano encomendado terá, en todo caso:

- a) A condición de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.
- b) A condición de responsable do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.
- c) A condición de delegado de protección de datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión.

27. Conforme ao disposto no artigo 12 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para a validez da delegación de sinatura:

- a) Non será necesaria a súa publicación.
- b) Publicarase no *Diario Oficial de Galicia*.
- c) Publicarase no *Boletín Oficial do Estado*.

28. Conforme ao disposto no artigo 13 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os titulares dos órganos administrativos poderán ser suplidos temporalmente nos supostos de:

- a) Encomenda de xestión.
- b) Delegación de firma.
- c) Vacante, ausencia ou enfermidade.

29. Conforme ao disposto no artigo 13 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a suplencia non implicará alteración da competencia e para a súa validez:

- a) Será necesaria a súa publicación.
- b) Non será necesaria a súa publicación.
- c) Formalizarase mediante a sinatura do correspondente convenio.

30. Conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o órgano administrativo que se estime incompetente para a resolución dun asunto remitirá directamente as actuacións ao órgano que considere competente:

- a) E deberá notificarlles esta circunstancia aos interesados.
- b) Non é necesario notificarlles esta circunstancia aos interesados.
- c) O órgano administrativo decidirá en cada caso se notifica ou non.



### **SUBGRUPO C2-TEMA 2-LEI 40/2015-GALEGO**

31. Conforme ao disposto no artigo 14 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, os conflitos de atribucións só poderán suscitarse entre órganos de:

- a) Distintas administracións non relacionados xerarquicamente, e respecto de asuntos sobre os que non finalizase o procedemento administrativo.
- b) Unha mesma Administración non relacionados xerarquicamente, e respecto de asuntos sobre os que non finalizase o procedemento administrativo.
- c) Unha mesma Administración relacionados xerarquicamente, e respecto de asuntos sobre os que finalizase o procedemento administrativo.

32. Conforme ao disposto no artigo 15 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, deberán ser publicados no boletín ou diario oficial da Administración pública na que se integran o acordo de creación e as normas de funcionamento dos órganos colexiados:

- a) Que diten resolucións que teñan efectos xurídicos fronte a terceiros.
- b) En ningún caso será necesaria a publicación das normas de funcionamento.
- c) De todos os órganos colexiados que creen as administracións públicas.

33. Conforme ao disposto no artigo 16 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, corresponde velar pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado ao:

- a) Presidente.
- b) Interventor delegado.
- c) Secretario.

34. Conforme ao disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos e remitir actas de forma:

- a) Presencial, en todo caso.
- b) Presencial ou a distancia.
- c) En ningún caso a distancia.

35. Conforme ao disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, para a válida constitución do órgano, para os efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a asistencia:

- a) Do presidente e secretario e da metade, polo menos, dos seus membros.
- b) Do presidente e secretario e dun terzo, polo menos, dos seus membros.
- c) Do presidente e secretario e dun quinto, polo menos, dos seus membros.

36. Conforme ao disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, os acordos dos órganos colexiados serán adoptados:

- a) Por maioría de votos.
- b) Por decisión do presidente e do secretario.
- c) Por decisión do presidente en todo caso.

37. Conforme ao disposto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, quedarán exentos da responsabilidade que, se é o caso, poida derivarse dos acordos que adopten os órganos colexiados:

- a) Os membros do órgano que emitan o seu voto a través de medios electrónicos.
- b) Os membros do órgano que voten a favor.
- c) Os membros do órgano que voten en contra ou que se absteñan.





**SUBGRUPO C2-TEMA 2-LEI 40/2015-GALEGO**

38. Conforme ao disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, de cada sesión que celebre o órgano colexiado levantárase acta polo secretario, que non especificará necesariamente:

- a) O contido dos acordos adoptados.
- b) O nome de quen non asistiu á reunión.
- c) A orde do día da reunión.

39. Conforme ao disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, ter intervido como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate é causa de:

- a) Abstención, unicamente.
- b) Recusación, unicamente.
- c) Abstención e recusación.

40. Conforme ao disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, non son motivos de abstención os seguintes:

- a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel.
- b) Terlle prestados servizos profesionais a unha persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto hai máis de cinco anos.
- c) Ser administrador de sociedade ou entidade interesada.

41. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, a recusación exporase:

- a) Por escrito, no que se expresará a causa ou causas en que se funda.
- b) Verbalmente.
- c) Verbalmente ou por medios electrónicos.

42. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 outubro, de réxime xurídico do sector público, se o recusado nega a causa de recusación, o superior resolverá no prazo de:

- a) 3 meses.
- b) 20 días.
- c) 3 días.